

## **NOTA DE PRENSA**

**A comisión de seguimento das obras do peirao de Cabo de Cruz esixe garantías de que non se reducirá a capacidade de atraque e un compromiso orzamentario e de prazos**

**Boiro, 10 de setembro de 2009.** Logo da xuntanza mantida onte en Boiro por técnicos de Portos de Galicia coa comisión de seguimento das obras do peirao de Cabo de Cruz, na que presentaron a modificación do proxecto, queremos manifestar o seguinte:

- Continuamos sen entender como reducindo en 60 metros o contradique desde Portos de Galicia se asegure que aumentará a lámina de abrigo de buques e a capacidade de atraque, pois supoñemos que os técnicos redactores do proxecto orixinal xa terían estudiado e, polo tanto, aprobado, a mellor alternativa.
- É necesario crear e poñer en funcionamento tódalas infraestruturas que permitan unha óptima distribución dos barcos e que cubran as necesidades e servizos que as distintas flotas precisan. Entre estas infraestruturas figuran como prioritarios os pantaláns, as casetas, puntos de luz e auga e un carro varadoiro.
- Demandamos a urbanización do entorno da dársena e dos accesos, así como o acondicionamento do peirao vello. Para isto é necesario elaborar un proxecto, que debe ser consensuado con esta comisión de seguimento.

- Solicitamos a colocación de pantaláns e infraestruturas para poñer en servizo o porto deportivo.

Por último, lembramos á Xunta a súa promesa de que a bocana sería consensuada con tódolos sectores do mar, e por iso, reiteramos que debe ser o Presidente de Portos de Galicia ou a Conselleira do Mar, Dna. Rosa Quintana, quen nos ratifique o compromiso de orzamento e prazos de execución das obras. Neste sentido, lembramos a solicitude de entrevista tramitada o pasado 26 de agosto, e da cal non obtivemos aínda resposta.

Agradecemos, finalmente, que a Xunta considerara as opinións da xente do mar para non recortar nin modificar o dique sur.

**Saúdos. Gabinete de Prensa do Concello de Boiro**